

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL**PAZAS DE RESIDENCIA NOS CENTROS RESIDENCIAIS DOCENTES DA CORUÑA, OURENSE E VIGO PARA REALIZAR ESTUDOS POSTOBRIGATORIOS NON UNIVERSITARIOS, CURSO 2025/26**

Prazas de residencia nos centros residenciais docentes da Coruña, Ourense e Vigo, para o alumnado que no curso académico 2025/26 inicie ou continúe estudos postobrigatorios non universitarios en centros docentes públicos ou privados concertados situados na Coruña, Culleredo, Ourense e Vigo.

NA CORUÑA: **I.E.S. "UNIVERSIDADE LABORAL" (Culleredo) Centro Residencial Docente**

REQUISITOS:

- Persoas matriculadas en estudos postobrigatorios non universitarios nalgún dos centros docentes dos termos municipais da Coruña, Culleredo, Ourense e Vigo.
- Non repetir curso nin ter abandonado o curso iniciado. Non obstante, o alumnado que non progresou ao curso seguinte ou abandonou o curso iniciado poderá presentar solicitude de praza de residencia unha única vez máis para cursar un estudo distinto. Excepcionalmente, por causas debidamente xustificadas, a Comisión de Valoración poderá eximir de forma motivada do cumprimento destes requisitos
- Non ter sido expulsada no curso anterior dun centro residencial nin estar sometida a un procedemento disciplinario en trámite, por algunha das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.
- A persoa solicitante deberá estar matriculada nunha concreta modalidade dun nivel educativo ou nunha familia profesional ou especialidade dun ciclo formativo que:
 - Non se imparta en ningún centro sostido con fondos públicos da localidade galega de residencia habitual da unidade familiar a que pertenza.
 - E tampouco se imparta nunha localidade que, pola súa proximidade á de residencia habitual ou polos medios de comunicación dispoñibles, permita o desprazamento diario con facilidade.
- Excepcionalmente, por circunstancias persoais ou familiares moi graves debidamente xustificadas, a Comisión de Valoración poderá eximir, de forma motivada, do cumprimento destes requisitos.
- As solicitudes valoraranse conforme criterios socioeconómicos (composición da unidade familiar, orfandade ou calquera outra situación familiar especial; número de habitantes do lugar de residencia da unidade familiar e renda da unidade familiar) e de rendemento académico.

DOTACIÓN: Adxudicación dunha praza gratuíta ou bonificada.

Adxudicación de praza de residencia gratuíta: cando a renda da unidade familiar sexa igual ou inferior ao limiar 2 fixado polo Real decreto 163/2025, do 4 de marzo, do Ministerio de Presidencia, Xustiza e Relacións coas Cortes, polo que se establecen os limiares de renda e patrimonio familiar e as contías das bolsas e axudas ao estudo para o curso 2025/26, e cando se trate de alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia.

Cando a renda da unidade familiar sexa superior ao limiar 2, a persoa adxudicataria deberá aboar, anualmente, as seguintes cantidades:

- Ata un 10 %: 697,87 €.
- Máis do 10 % e ata un 20 %: 1.070,15 €.
- Máis do 20 % e ata un 30 %: 1.717,87 €.
- Máis do 30 %: 2.548,85 €

PAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

1. Alumnado matriculado en bacharelato, do 21 de xuño **ao 18 de xullo de 2025 (incluído)**.
2. Alumnado de FP, do 21 de xuño **ao 4 de agosto de 2025 (incluído)**.

* **Prazo extraordinario:** no caso de prazas vacantes, do 01 ao 05 de setembro de 2025.

MÁIS INFORMACIÓN: www.edu.xunta.gal

Centro Residencial Docente da Coruña

Rúa Salvador Allende, nº 13. 15174 Culleredo

Correo electrónico: credo.coruna@edu.xunta.es Telf. 981 667 836

<https://crdcoruna.es/>

CRD de Ourense: Avenida da Universidade 18, Ourense. Teléfono 988 602 165

CRD de Vigo: Estrada de Madrid 192, Vigo. Teléfono 986 262 500

PUBLICACIÓN: [DOG 20/06/2025](#)

Sede electrónica (sede.xunta.gal): procedemento [ED306A](#)